

## RESUMO PROGRAMACIÓN. Curso 2023-2024



### DEPARTAMENTO: FILOSOFÍA

### MATERIA: Educación en valores ético-cívicos.

### COMPOÑENETES:

1. Lilian Bouza Magaly.
  - 2.- Isabel Gándara Arjomil. (comparte media xornada co profesor Omar Martínez ata o 31 de Outubro)
  - 3.- Omar Martínez Alejos (comparte media xornada coa profesora Isabel Gándara ata o 31 de Outubro)
  4. Fco. Javier de la Torre Fernández (xefe do departamento).
- 
- 5.- Hilduara Perianes Guitián. (profesora do departamento de Música que imparte EVVCEE de 3º como afín)

## **CONTIDO (RESUMO)**

1. Relación de unidades didácticas.
2. Distribución currículo nas unidades didácticas.
3. Criterios de cualificación e recuperación.
4. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas

**1. Relación de unidades didácticas.**

UD	Título	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen son eu? E quen es ti?	Adentrámonos en aquilo que nos caracteriza como persoas e como nos relacionamos coas persoas do noso entorno.	X		
2	Que me leva a actua como actúo?	Importancia de desenvolver o pensamento crítico, e analizar o papel que a moral e a ética ten nas nosas accións.	X		
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	Análise das diversas formas de organización social e política, así como o fenómeno migratorio, desigualdade social, memoria democrática		X	
4	Os dereitos humanos	Estudaremos as súas características, evolución histórica até chegar á Declaración Universal.		X	
5	Desigualdade nun mundo global	En que consiste a globalización e as desigualdade que xera entre países e dentro deles.			X
6	R-evolución-ate	Que podes facer ti para que o mundo sexa un lugar mellor, tendo como referencia movementos, persoas activistas, analizaremos a nosa responsabilidade.			X

## 2. Distribución do currículo nas unidades didácticas.

UD	Título	Descrición
1	Quen son eu? E quen es ti?	Adentrámonos en aquilo que nos caracteriza como persoas e como nos relacionamos coas persoas do noso entorno.

1. A natureza humana.
2. Liberdade e moralidade como características especificamente humanas.
3. A identidade persoal, o cruce de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital.
4. A educación de emocións e sentimentos.
5. A autoestima persoal.
6. A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.
7. A educación afectivo-sexual.

UD	Título	Descrición
2	Que me leva a actua como actúo?	Importancia de desenvolver o pensamento crítico, e analizar o papel que a moral e a ética ten nas nosas accións.

1. A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.
2. O obxecto da ética.
3. As éticas aplicadas e os códigos deontolóxicos. Exemplos: A bioética. O desafío da intelixencia artificial. As propostas transhumanistas.
4. Análise das accións: Os motivos da acción: desexos e razóns.
5. A vontade como razón práctica. A autonomía da vontade. A responsabilidade.
6. A ética e as éticas como guías das nosas accións.
7. O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.
8. Universalismo e pluralismo moral.
9. Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.
10. Ética e dereito: Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.
11. O conflito lexitimidade-legalidade.
12. A obxección de conciencia.
13. Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.
14. O debate sobre a liberdade de expresión.
15. O problema da desinformación.
16. A protección de datos e o dereito á intimidade.
17. O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.
18. As condutas aditivas.

UD	Título	Descrición
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	Análise das diversas formas de organización social e política, así como o fenómeno migratorio, desigualdade social, memoria democrática
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A sociedade humana: natureza e orixe.</li> <li>2. Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.</li> <li>3. As estruturas sociais e os grupos de pertenza.</li> <li>4. As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.</li> <li>5. A política: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade</li> <li>6. Formas de Estado e tipos de goberno.</li> <li>7. A Memoria democrática: Da ditadura franquista á democracia.</li> <li>8. Valores constitucionais do Estado Español.</li> <li>9. O Estado español como estado social</li> <li>10. O Estado español como estado democrático: A democracia: principios, procedementos e institucións.</li> <li>11. O Estado español como estado de dereito.</li> <li>12. O Estado Español como Monarquía Parlamentaria.</li> <li>13. O Estado español como Estado das Autonomías.</li> <li>14. O Valor social dos impostos.</li> <li>15. Os desafíos da democracia actual.</li> </ol>		

UD	Título	Descrición
4	Os dereitos humanos	Estudaremos as súas características, evolución histórica até chegar á Declaración Universal.
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Valores éticos e dereitos.</li> <li>2. Valores éticos e dereitos humanos.</li> <li>3. Os dereitos humanos: Xeracións e historia dos dereitos humanos.</li> <li>4. A Axenda 2030: Os 17 obxectivos do desenvolvemento sostible.</li> <li>5. As Nacións Unidas. Os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.</li> <li>6. O dereito internacional e a cidadanía global.</li> <li>7. O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz. As forzas armadas.</li> </ol>		

UD	Título	Descrición
5	Desigualdade nun mundo global	En que consiste a globalización e as desigualdade que xera entre países e dentro deles.
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Globalización económica e bens públicos globais.</li> <li>2. A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.</li> <li>3. A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.</li> <li>4. A igualdade de xénero.</li> <li>5. As diversas ondas e correntes do feminismo.</li> <li>6. A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.</li> <li>7. A co-responsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.</li> <li>8. A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.</li> <li>9. Os dereitos LGTBIQ+.</li> </ol>		

UD	Título	Descrición
6	R-evolución-ate	Que podes facer ti para que o mundo sexa un lugar mellor, tendo como referencia movementos, persoas activistas, analizaremos a nosa responsabilidade.
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.</li> <li>2. Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.</li> <li>3. Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.</li> <li>4. Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.</li> <li>5. A protección do medio ambiente. Ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.</li> <li>6. Protección e dereitos dos animais</li> <li>7. Consumo responsable e soberanía alimentaria.</li> <li>8. Comercio Xusto</li> <li>9. Ecofeminismo e ética do coidado.</li> </ol>		

### **3. Criterios de cualificación e recuperación.**

Criterios de cualificación:

1. Poderá haber unha proba escrita, calquera que sexa o seu formato (traballo de investigación, comentario de texto, desenvolvemento dun tema, cuestionario de resposta curta...), e suporá o 60 % da cualificación global. Neste suposto a proba escrita acompañarase de traballos individuais ou de grupo que completarán o 40 % restante da cualificación da avaliación. Calquera destas ferramentas están incluídas como instrumentos de avaliación na táboa de indicadores.

2. De non haber proba escrita, os traballos individuais ou de grupo que se propoñan suporán ata un 100% da cualificación. Poderán realizarse varios por trimestre e a súa puntuación será a media aritmética de todas eles. Os traballos están incluídos na táboa de indicadores.

- As intervencións orais consistentes nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación constante no traballo semanal da materia servirán para redondear a nota. E isto do seguinte xeito: o redondeo dos decimais iguais ou superiores a 5 será á alta ata o enteiro superior máis próximo. Pola contra, cando o número de decimais sexa inferior a 5, entón o redondeo será a baixa.
- A nota de cada avaliación se lle aplicarán as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo, no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo, no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4) .

3. As actividades voluntarias, previamente acordadas co profesorado, poderán servir para redondear ou subir nota.

#### **Criterios de recuperación:**

1. A avaliación é continua e progresiva. Aplicaránse medidas de recuperacións de cada avaliación que haberán de consistir na realización de traballos nos que se acadara un mínimo dun 5. Como pauta xeral, estas probas de recuperación deberán ser aplicadas despois da avaliación suspensa, ao inicio da seguinte.

2. Se despois de facer as recuperacións seguira habendo alumnado suspenso, este terá que completar ou modificar as entregas feitas ou por facer, ao remate do curso seguindo as indicacións do profesorado.

### **4. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Teráse en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade). O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor.

O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizado no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica.

Está proposta será resultado dun seguimento individualizado que se fará do alumnado revisando os traballos entregados por trimestre para poder asignar un novo traballo final.